

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 1020** *Real decreto 28/2009, do 16 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento de retribucións do persoal das forzas armadas, aprobado polo Real decreto 1314/2005, do 4 de novembro, se regula a prima por servizos prestados polo persoal militar de complemento cun compromiso de longa duración, e se modifica o Real decreto 1145/1990, do 7 de setembro, polo que se crea o servizo de asistencia relixiosa nas forzas armadas e se ditan normas sobre o seu funcionamento.*

No exercicio da autorización concedida polo artigo 152 da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das forzas armadas, o Consello de Ministros, mediante o Real decreto 1314/2005, do 4 de novembro, aprobou o Regulamento de retribucións do persoal das forzas armadas.

Desde a aprobación do dito regulamento e a súa posterior modificación, producíronse modificacións normativas recollidas na Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008 e, fundamentalmente, na Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, que afectan o sistema retributivo do persoal das forzas armadas e que fan necesario acometer a súa actualización.

Na súa virtude, por iniciativa da ministra de Defensa, por proposta dos ministros de Economía e Facenda e de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de xaneiro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento de retribucións do persoal das forzas armadas, aprobado polo Real decreto 1314/2005, do 4 de novembro.*

O Regulamento de retribucións do persoal das forzas armadas, aprobado polo Real decreto 1314/2005, do 4 de novembro, queda modificado como segue:

Un. O artigo 1 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Este regulamento será de aplicación aos militares que manteñan algún dos vínculos recollidos no artigo 3 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

Este persoal só poderá ser retribuído polos conceptos e nas condicións que se determinan neste regulamento.»

Dous. O artigo 2 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 2. *Retribucións básicas.*

1. Son retribucións básicas o soldo, os trienios e as pagas extraordinarias.

2. O soldo é o asignado a cada un dos grupos/subgrupos de clasificación a que se refire o artigo 152.2 da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das forzas armadas, segundo a redacción dada pola disposición derradeira terceira da Lei 39/2007, do 19 de novembro, en concordancia co artigo 76 da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, coas equivalencias entre os grupos/subgrupos de clasificación e empregos militares que figuran no anexo I.

3. Os trienios están constituídos por unha contía que se fixará nas leis de orzamentos xerais do Estado de cada ano para cada grupo/subgrupo de clasificación, perfeccionándose un cada tres anos de servizos efectivos en calquera situación en que se recoñeza o tempo para estes efectos.

No caso de variación de emprego militar que supoña cambio de grupo/subgrupo de clasificación, o tempo transcorrido antes do cambio considerárase, para os efectos de completar un trienio, como de servizos prestados no grupo/subgrupo en que se perfecciona.

O importe será o correspondente á contía fixada para cada grupo/subgrupo de clasificación en que cada trienio se perfeccionase.

Os militares cunha relación de servizos de carácter temporal só percibirán trienios a partir da data do inicio do compromiso de longa duración.

4. As pagas extraordinarias serán dúas ao ano, por un importe cada unha delas de unha mensualidade do soldo e, de ser o caso, trienios, completadas na forma prevista nas leis anuais de orzamentos xerais do Estado, así como as pensións anexas ás condecoracións e recompensas que se teñan recoñecidas. A súa percepción realizarase coas mesmas condicións que se establecen para os funcionarios civís da Administración do Estado.»

Tres. O número 3 do artigo 3 queda redactado da seguinte forma:

«3. O complemento específico estará constituído polo compoñente xeral e o compoñente singular que teña asignado o posto, coas excepcións previstas no capítulo IV, e percibiranse nas mesmas condicións que se establezan para o persoal funcionario incluído no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da Lei 7/2007, do 12 de abril.

O compoñente xeral é a parte do complemento específico que se percibe en función do emprego que se teña, seguindo unha orde xerárquica dentro de cada categoría. O importe mensual para cada emprego establécese no anexo III.

O compoñente singular é a parte do complemento específico que retribúe as especiais condicións en que a unidade de destino leva a cabo a súa actividade, así como, dentro dela, as particulares condicións de responsabilidade, preparación técnica, perigosidade e penosidade do posto. Os postos poderán ter asignado un compoñente singular dos establecidos no anexo IV, que figurará na correspondente relación de postos militares. A percepción deste compoñente é independente do emprego do militar que ocupe o posto.

As contías recollidas no citado anexo IV poderaas modificar a Comisión Superior de Retribucións Militares, logo do informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda.

A asignación inicial das características retributivas da relación de postos militares será aprobada por acordo do Consello de Ministros por proposta conxunta dos ministros de Economía e Facenda e de Administracións Públicas e por iniciativa do ministro de Defensa.

A modificación das características retributivas da relación de postos militares que non supoña incremento de gasto será aprobada pola Comisión Superior de Retribucións Militares. Cando a dita modificación supoña un incremento de gasto será aprobada pola citada comisión, logo do informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda.

A percepción deste compoñente singular do complemento específico durante un período de tempo non orixinará dereito respecto das valoracións ou apreciacións do posto correspondentes a períodos sucesivos, e terá carácter permanente para cada posto de traballo, mentres non se modifique a asignación deste compoñente na relación de postos militares.»

Catro. Os números 1, 3 e 4 do artigo 4 quedan redactados da seguinte forma:

«1. A axuda para vestiario percibirase nunha contía mensual de 24,54 euros, cando o interesado se encontre nas situacións de servizo activo e en reserva sempre

que perciba retribucións de servizo activo, excepto se procede de reserva transitoria.

Os militares de complemento e os profesionais de tropa e mariñeiría non percibirán esa axuda durante o primeiro ano de servizo.

Esta retribución actualizarase anualmente segundo dispoña a lei de orzamentos xerais do Estado para o conxunto das retribucións.»

«3. O complemento por incorporación percibirano os militares de tropa e mariñeiría, por unha soa vez, ao asinaren o compromiso inicial. A súa contía será igual á do soldo mensual asignado ao grupo/subgrupo de clasificación C2.»

«4. O incentivo por anos de servizo poderano percibir os militares de complemento e os militares profesionais de tropa e mariñeiría cunha relación de servizos de carácter temporal, nun pagamento único, cada vez que cumpran as condicións que se determinen. Estas condicións e a súa contía serán fixadas polo ministro de Defensa, logo do informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda, tendo en conta as necesidades do planeamento da defensa militar e os anos de servizo.»

Cinco. Engádesse un novo número 7 ao artigo 4 que queda redactado da seguinte forma:

«7. O persoal que debido ás previsións do planeamento da defensa, e que por non existiren suficientes peticionarios para pasar con carácter voluntario á situación de reserva nas cotas establecidas polo ministro de Defensa, pase de maneira excepcional a esta con carácter forzoso ou anuente, segundo as condicións establecidas no número 3 do artigo 113 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, percibirá o mes seguinte ao do seu paso a esta situación, por unha soa vez, unha prima na contía resultante de multiplicar o número de anos que lle falten, calculado cun decimal, arredondado á alza, para alcanzar as idades determinadas no número 4 do mesmo artigo, polo importe que se establece no anexo VII. Ese importe actualizarase anualmente en igual porcentaxe que a que se establece con carácter xeral para o resto das retribucións.

Non obstante, as ditas contías poderaas modificar a Comisión Superior de Retribucións Militares, logo do informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda.

O pagamento desta retribución realizarase nun pagamento único.

No caso de que o persoal que percibise esta prima ocupe destino de reserva antes de cumprir a idade establecida no citado número 4 do artigo 113 da citada Lei 39/2007, do 19 de novembro, deberá reintegrar o importe correspondente ao tempo que efectivamente ocupe destino ata cumprir a citada idade.

Ese reintegro realizarase cada mes que ocupe destino polo importe resultante de dividir o importe anual aboado por doce.»

Seis. O artigo 5 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 5. *Servizo activo.*

1. O persoal militar profesional que se encontre ocupando algún dos postos nas unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa, así como nos seus órganos directivos a que se refire o artigo 99 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, percibirá as retribucións básicas e os complementos de emprego e compoñente xeral do complemento específico asignados ao seu emprego, ou aquel que teña concedido con carácter eventual, coas excepcións establecidas no capítulo IV.

Así mesmo, poderá percibir o compoñente singular do complemento específico, o complemento de dedicación especial e as gratificacións por servizos extraordinarios, así como as restantes retribucións, gratificacións ou indemnizacións recollidas nos artigos 2, 3 e 4, sempre que se cumpran as condicións previstas neste regulamento para a súa percepción.

2. Cando o militar profesional estea pendente de asignación de destino, percibirá as retribucións básicas e os complementos de emprego e compoñente xeral do complemento específico asignados ao seu emprego, e as restantes retribucións recollidas no artigo anterior sempre que se cumpran as condicións previstas neste regulamento para a súa percepción.

3. Os alumnos dos centros docentes militares de formación percibirán mensualmente o 60 por cento do soldo do grupo/subgrupo C2, sen dereito a pagas extraordinarias.

Os alumnos do ensino militar de formación, unha vez concedidos con carácter eventual os empregos de alférez, sarxento e soldado, coas denominacións específicas determinadas nas normas de réxime interior dos centros militares de formación, percibirán unha retribución equivalente á porcentaxe do soldo que para cada caso se indica:

- a) Alférez alumno: 60 por cento do grupo/subgrupo A2.
- b) Sarxento alumno: 45 por cento do grupo/subgrupo A2.
- c) Soldado alumno: 60 por cento do grupo/subgrupo C2

Tamén percibirán pagas extraordinarias por un importe igual á porcentaxe de soldo establecido para cada emprego.

Estas pagas extraordinarias percibiranse de acordo co previsto no artigo 2.4.

Aos militares de carreira, e aos militares de complemento e militares profesionais de tropa e mariñeiría cun compromiso de longa duración, que se encontren en servizo activo e ingresen nun centro militar de formación, se durante o período de formación perfeccionan algún trienio, concederáselles do grupo/subgrupo correspondente ao que perciban as súas retribucións.

No caso de militares de complemento e militares profesionais de tropa e mariñeiría cunha relación de servizos de carácter temporal, que non teñan subscrito un compromiso de longa duración, e que durante a súa permanencia nun centro militar de formación completen o tempo necesario para o perfeccionamento dalgún trienio, este recoñeceráselles ao accederen a militar de carreira, en ambos os casos, ou ao iniciaren ese compromiso para estes últimos, do grupo/subgrupo correspondente ao que percibían as súas retribucións naquel momento.

Os alumnos do ensino militar de formación non percibirán retribucións complementarias, salvo nos períodos de prácticas en unidades recollidos nos seus respectivos plans de estudo, nos cales percibirán o 100 por 100 do complemento de emprego correspondente ao emprego efectivo equivalente ao seu, así como, de ser o caso, as retribucións recollidas nos artigos 13, 18 e 19, que lles puideren corresponder.

Aínda que as contías de referencia responden a unha periodicidade mensual, aboaranse por días.

Os alumnos do ensino militar de formación non percibirán trienios. Non obstante, ao ingresaren nas escalas correspondentes como militares de carreira ou ao asinaren o compromiso de longa duración, computaráselles, para os efectos de trienios, o tempo transcorrido a partir da data en que foron nomeados alféreces ou sarxentos, con carácter eventual, ou desde a data do compromiso inicial para o persoal de tropa e mariñeiría.

Os militares que ingresen nos centros docentes militares de formación poderán optar, ao causaren alta administrativa no centro correspondente ou ao obteren un emprego eventual, entre percibir as súas retribucións de acordo co establecido nos puntos precedentes ou continuar percibindo as retribucións correspondentes á súa anterior situación militar, con excepción do complemento de dedicación especial e do compoñente singular do complemento específico.

4. Ao persoal militar destinado na estrutura da Garda Civil seralle de aplicación o Regulamento de retribucións das forzas e corpos de seguranza do Estado, aprobado polo Real decreto 950/2005, do 29 de xullo.

5. Aos militares profesionais que adquirisen a condición de persoal estatutario temporal do Centro Nacional de Intelixencia seralles de aplicación o réxime retributivo establecido no Estatuto de persoal do Centro Nacional de Intelixencia, aprobado polo Real decreto 327/2004, do 27 de febreiro, e percibirán as retribucións complementarias asignadas ao posto de traballo que desempeñen.»

Sete. O artigo 6 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 6. *Servizos especiais.*

Na situación de servizos especiais, recollida no artigo 109 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, percibiranse as retribucións do posto ou cargo efectivo que se desempeñe e non as que correspondan pola condición de militar.

Excepcionalmente, cando as retribucións por trienios e pensións de recompensas e mutilación recoñecidas, así como a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente, de ser o caso, aos trienios e pensións citadas no artigo 2.4 non poidan ser percibidas con cargo aos correspondentes orzamentos do organismo en que se preste servizo, deberán ser reclamadas e aboadas, en tal concepto, pola correspondente pagadoría do exército a que se pertenza ou pola pagadoría do órgano central para o persoal pertencente aos corpos comúns das forzas armadas, logo da acreditación da dita circunstancia, co obxecto de evitar unha posible duplicidade na reclamación.»

Oito. O artigo 7 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 7. *Excedencia.*

1. Na situación de excedencia non se percibirán retribucións, excepto se se pasou a ela por razón de violencia de xénero. Neste caso, durante os dous primeiros meses de excedencia terase dereito a percibir as retribucións íntegras do último destino.

2. En calquera caso, poderanse seguir percibindo as pensións de recompensas e mutilación que se tivesen recoñecidas.»

Nove. Os números 1 e 2 do artigo 9 quedan redactados da seguinte forma:

«1. Na situación de reserva percibiranse as retribucións básicas e un complemento de dispoñibilidade equivalente á suma do 80 por cento do complemento de emprego e do 80 por cento do compoñente xeral do complemento específico. Ademais, percibirase nos meses de xuño e decembro unha paga adicional do complemento específico por un importe igual ao 80 por cento da que se perciba polo compoñente xeral do complemento específico o persoal en situación de servizo activo.»

«2. Cando o paso á situación de reserva se produza por algunha das causas previstas no artigo 113 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, percibiranse as retribucións do persoal en servizo activo sinaladas no artigo 5.2, ata cumprir a idade de sesenta e tres anos.»

Dez. O artigo 14 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 14. *Persoal militar reservista voluntario.*

1. O persoal reservista voluntario durante o período de activación para prestar servizo no posto asignado nas unidades, centros e organismos das forzas armadas, percibirá as retribucións fixadas para o seu emprego militar, segundo o estipulado para o persoal militar profesional que manteña unha relación de servizos de carácter temporal e non teña subscrito un compromiso de longa duración.

2. Durante o período de formación básica militar e, de ser o caso específica, os seleccionados para adquirir a condición de reservista voluntario, así como o persoal reservista voluntario cando sexa activado para a realización de períodos de

instrución e adestramento ou asistir a cursos de formación e perfeccionamento, percibirá unha indemnización calculada sobre o salario mínimo interprofesional diario vixente e que será:

- a) Para os reservistas voluntarios con emprego de categoría de oficial, ou en período de formación para acceder a este, tres veces o dito salario.
- b) Para os reservistas voluntarios con emprego de categoría de suboficial, ou en período de formación para acceder a este, dúas veces e media o dito salario.
- c) Para os reservistas voluntarios con emprego da categoría de tropa e mariñeira ou en período de formación para acceder a el, dúas veces o dito salario.

Esta indemnización aboarase con cargo aos créditos para gastos correntes, tendo igual consideración que as indemnizacións por razón do servizo, e sendo incompatible a súa percepción co percibo das previstas no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

Non terán dereito a retribucións, polo que non lles é de aplicación o recollido con carácter xeral para os alumnos de formación establecido no artigo 5.3.

3. En todos os supostos de incorporación previstos no seu regulamento, os reservistas voluntarios terán dereito a efectuar por conta do Estado as correspondentes viaxes de ida e regreso.»

Once. O título do artigo 15 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 15. *Comisións de servizo en postos vacantes.*»

Doce. O artigo 17 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 17. *Persoal que desfrute de permiso por maternidade ou paternidade.*

O persoal militar que desfrute do permiso por maternidade ou paternidade farao sen mingua dos seus dereitos económicos.»

Trece. Os números 2, 3 e 4 do artigo 20 quedan redactados da seguinte forma:

«2. A Comisión Superior de Retribucións Militares, integrada na Subsecretaría de Defensa, terá a seguinte composición:

- a) Presidente: o subsecretario de Defensa.
- b) Vicepresidente: o director xeral de persoal do Ministerio de Defensa.
- c) Vogais: un representante de cada un dos seguintes centros e organismos con rango de subdirector xeral ou oficial xeneral: Exército de Terra, Armada, Exército do Aire, Dirección Xeral de Persoal, Dirección Xeral de Recrutamento e Ensino Militar, Dirección Xeral de Asuntos Económicos, Intervención Xeral da Defensa, Asesoría Xurídica Xeral da Defensa, Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio de Administracións Públicas e Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Economía e Facenda.
- d) Secretario: o subdirector xeral de Custos de Recursos Humanos do Ministerio de Defensa.»

«3. Baixo a dependencia inmediata da Comisión Superior de Retribucións Militares funcionará unha Comisión Executiva, cuxa composición será a seguinte:

- a) Presidente: o director xeral de Persoal do Ministerio de Defensa.
- b) Vogais: os designados en representación do Exército de Terra, a Armada, o Exército do Aire, a Dirección Xeral de Persoal, a Dirección Xeral de Asuntos Económicos, a Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio de Administracións Públicas e a Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Economía e Facenda.
- c) Secretario: o subdirector xeral de Custos de Recursos Humanos do Ministerio de Defensa.

Ás reunións das comisións poderán asistir, ademais, aqueles expertos que o presidente considere oportuno convocar en función dos asuntos que se vaian tratar.»

«4. Corresponden á Comisión Superior de Retribucións Militares as seguintes misións:

a) Emitir informe sobre as propostas de modificación das disposicións reguladoras de retribucións do persoal militar.

b) Aprobar as modificacións das contías do compoñente singular do complemento específico establecidas no anexo IV, logo do informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda.

c) Aprobar as modificacións das características retributivas das relacións de postos militares cando non supoñan incremento de gasto.

d) Aprobar as modificacións das características retributivas das relacións de postos militares, logo do informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda, cando supoñan incremento de gasto.

e) Aprobar as modificacións das contías do complemento específico establecidas no anexo V, logo do informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda.

f) Aprobar as modificacións das contías da prima por paso á reserva con carácter forzoso ou anuente establecidas no anexo VII, logo do informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda.

g) Informar sobre os criterios de concesión e contías do complemento de dedicación especial.

h) Informar sobre calquera outra cuestión en materia de retribucións de persoal militar que someta á súa consideración o ministro de Defensa.

i) Aprobar os complementos específicos previstos no segundo parágrafo do número 1.c) do artigo 12 do Real decreto 1145/1990, do 7 de setembro, polo que se crea o servizo de asistencia relixiosa nas forzas armadas e se ditan normas sobre o seu funcionamento, que necesitarán o informe previo favorable do Ministerio de Economía e Facenda, cando supoñan incremento de gasto.»

Catorce. O número 1 do artigo 21 queda redactado da seguinte forma:

«1. As retribucións básicas e as complementarias, excepto a gratificación por servizos extraordinarios, xeraranse e faranse efectivas por mensualidades completas e de acordo coa situación e dereitos do militar referidos ao día un do mes a que os haberes correspondan, salvo nos seguintes casos, en que se liquidarán por días:

a) No mes en que se adquira, se perda ou se renuncie á condición militar.

b) No mes de obtención do primeiro emprego militar.

c) No mes en que se produza cambio de grupo/subgrupo de clasificación.

d) No mes en que se produza cambio de situación administrativa que orixine o cesamento ou a alta no percibo de retribucións, salvo que o cesamento o sexa por motivos de falecemento ou retiro.

e) No mes en que se inicie ou finalice unha licenza por asuntos propios.

f) Naqueles casos expresamente determinados neste regulamento.»

Quince. Engádese un novo número 5 ao artigo 21 que queda redactado da seguinte forma:

«5. Sen prexuízo da sanción disciplinaria que poida corresponder, a parte de xornada non realizada dará lugar á dedución proporcional de haberes, que non terá carácter sancionador.»

Dezaseis. A disposición adicional primeira, «Alumnos do ensino militar de formación», queda sen contido.

Dezasete. A disposición adicional segunda queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional segunda. *Trienios.*

1. Os trienios que perfeccionase o persoal militar afectado pola reclasificación aprobada polo Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira, con anterioridade á súa entrada en vigor, continuarán valorándose de acordo co grupo de clasificación a que pertencía no momento do seu perfeccionamento.

2. Os militares de complemento e os de tropa e mariñeiría cunha relación de servizos de carácter temporal, que tivesen recoñecido algún trienio perfeccionado con anterioridade ao 14 de abril de 1989 ou ao 1 de novembro de 1991, segundo fosen da categoría de oficial ou de tropa e mariñeiría, respectivamente, continuarano percibindo.

3. Os trienios perfeccionados con anterioridade ao momento da entrada en vigor da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, continuarán valorándose de acordo co grupo/subgrupo de clasificación equivalente, segundo o disposto na súa disposición derradeira terceira, de modificación da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das forzas armadas, a que pertencía no momento do seu perfeccionamento.

4. O persoal militar a que por aplicación da disposición adicional décima da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, de reordenamento dos escalafóns das escalas auxiliares e do corpo auxiliar de especialistas do Exército de Terra se lle asigne un emprego que supoña cambio de grupo/subgrupo retributivo, perfeccionará os trienios do novo grupo/subgrupo a partir da data do ascenso unha vez que pase á reserva, con independencia de que se lle asigne unha antigüidade anterior.

No caso do persoal que no momento de entrada en vigor da citada lei xa estivese na situación de reserva, perfeccionará os trienios do novo grupo/subgrupo, se o novo emprego supón cambio deste, a partir da data de antigüidade, sen que esta poida ser anterior ao 1 de xaneiro de 2008, que se tomaría nese caso.

Non terá por tanto, en ningún caso, efectos económicos anteriores á data de entrada en vigor da citada Lei 39/2007, do 19 de novembro.

5. Os trienios perfeccionados con anterioridade a este regulamento manteranse de acordo coas disposicións vixentes no momento en que se perfeccionaron, así como a exclusión do tempo do servizo militar obrigatorio para os efectos de trienios, segundo a duración deste servizo nas sucesivas leis que o estableceron.»

Dezaioito. Engádesse unha nova disposición adicional novena que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional novena. *Militares profesionais de tropa e mariñeiría coa condición de reservistas de especial dispoñibilidade.*

Os militares de tropa e mariñeiría reservistas de especial dispoñibilidade a que se refire o capítulo V da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, percibirán unha asignación mensual por dispoñibilidade, en doce mensualidades ao ano, por un importe de 624,24 euros, que se actualizará anualmente segundo dispoña a Lei de orzamentos xerais do Estado con carácter xeral para as retribucións do persoal ao servizo do sector público.

Se é activado e se incorpora aos exércitos, recuperará a condición militar, mantendo o emprego que tiña no momento de finalizar o seu compromiso de longa duración, polo que será retribuído en iguais condicións que ao pasar a esa condición.»

Dezanove. A disposición transitoria segunda queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria segunda. *Persoal en reserva.*

1. Os militares de carreira que o día 1 de xaneiro de 2008 se encontraban na situación de reserva por aplicación do artigo 144 e a disposición transitoria décima

da Lei 17/1999, do 18 de maio, os coroneis que pasaron a esa situación por aplicación da disposición adicional décimo sexta da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991, e aqueles que pasen a esta situación pola disposición transitoria oitava, da Lei 39/2007, do 19 de novembro, manterán as retribucións de servizo activo ata cumpriren a idade de sesenta e tres anos.

2. Os oficiais xenerais, en situación de reserva, que accedesen ao emprego de xeneral de división con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2008, percibirán as retribucións de servizo activo ata cumpriren a idade de sesenta e cinco anos.

3. Os oficiais xenerais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña que pasasen á situación de reserva por aplicación da disposición transitoria oitava da Lei 17/1999, do 18 de maio, percibirán as retribucións básicas e complementarias do persoal en servizo activo pendente de asignación de destino, ata cumpriren as idades previstas no artigo 144.1.a) da citada lei.»

Vinte. A disposición transitoria terceira queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria terceira. *Complemento de ascenso a tenente.*

O complemento por ascenso ao emprego de tenente compensará a perda real en cómputo anual de retribucións básicas, excluídos trienios, complemento de emprego e compoñente xeral do complemento específico, que poidan experimentar os suboficiais ao accederen ao emprego de tenente por aplicación das disposicións transitoria quinta da Lei 17/1989, do 19 de xullo, adicional oitava da Lei 17/1999, do 18 de maio, e transitoria sétima da Lei 39/2007, do 19 de novembro.

O importe será a diferenza entre as retribucións anuais citadas dos empregos de tenente e suboficial maior para aqueles que procedan deste emprego referidas á mesma situación administrativa.»

Vinte e un. Engádesse unha nova disposición transitoria sexta, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria sexta. *Réxime retributivo dos militares de complemento da Lei 17/1999, do 18 de maio.*

O persoal que no momento de entrada en vigor da Lei 39/2007, do 19 de novembro, teña a condición de militar de complemento, continuará rexéndose polo réxime de compromisos e ascensos da Lei 17/1999, do 18 de maio, e percibirá as retribucións básicas e complementarias propias do seu emprego e posto, e non percibirá trienios, excepto o que teña un compromiso de longa duración, que si os percibirá. Tamén poderá percibir, de ser o caso, o complemento de dedicación especial e gratificacións por servizos extraordinarios, segundo o disposto para iso neste regulamento.

Cumprido o compromiso de longa duración pasarase a reservista de especial dispoñibilidade nas condicións establecidas na Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, percibindo unha asignación mensual por dispoñibilidade, en doce mensualidades ao ano, de 1.186,06 euros, que se actualizará anualmente segundo dispoña a Lei de orzamentos xerais do Estado con carácter xeral para as retribucións do persoal ao servizo do sector público, sen cotizar para dereitos pasivos nin para ISFAS, pero podendo estar voluntariamente neste réxime de seguranza social sempre que aboe as cotas correspondentes ao interesado e ao Estado.

Cando sexa activado e se incorpore aos exércitos, recuperará a condición militar, mantendo o emprego que tiña no momento de finalizar o seu compromiso de longa duración, polo que será retribuído en iguais condicións que as establecidas no primeiro parágrafo desta disposición.»

Vinte e dous. O anexo I queda redactado da seguinte forma:

«ANEXO I

Grupos/Subgrupos de clasificación por empregos militares

Grupos de empregos militares	Subgrupos de clasificación
De xeneral de exército / almirante xeneral / xeneral do aire a tenente / alférez de navío	A 1
De alférez / alférez de fragata a sarxento	A 2
De cabo maior a soldado / mariñeiro, cunha relación de servizos de carácter permanente	C 1
De cabo primeiro a soldado / mariñeiro, cunha relación de servizos de carácter temporal	C 2»

Vinte e tres. Engádesse un novo anexo VII que queda redactado da seguinte forma:

«ANEXO VII

Prima por paso á reserva con carácter forzoso ou anuente

Emprego	Euros
Coronel/capitán de navío	5.500
Tenente coronel/capitán de fragata	4.850
Comandante/capitán de corveta	4.220
Capitán/tenente de navío	3.400
Tenente/alférez de navío	3.050
Alférez/alférez de fragata	2.860
Suboficial maior	2.860
Subtenente	2.170
Brigada	2.030
Sarxento primeiro	1.930
Sarxento	1.920
Cabo maior	1.630
Cabo primeiro (permanente)	1.270
Cabo (permanente)	1.140
Soldado/mariñeiro (permanente)	890»

Artigo segundo. *Prima por servizos prestados polo persoal militar de complemento cun compromiso de longa duración, recollido na disposición transitoria quinta da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.*

1. O militar de complemento que resolva o compromiso de longa duración por algunha das causas que se enumeran no punto segundo desta disposición, terá dereito a percibir unha prima por servizos prestados que se calculará multiplicando o soldo/día polo número de anos de servizos efectivos nas forzas armadas.

Para tales efectos considerárase soldo/día o importe resultante de multiplicar por doce o soldo mensual asignado ao subgrupo A1 de clasificación a que se refire o artigo 76 da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, dividido entre 365.

Para o cálculo da prima tomaranse 20 unidades de soldo/día por ano completo de permanencia nas forzas armadas.

2. As causas de resolución do compromiso que poderán dar dereito á percepción da prima son as seguintes:

- a) Petición expresa do interesado cun aviso previo de tres meses.
- b) Insuficiencia de facultades profesionais.
- c) Insuficiencia de condicións psicofísicas.
- d) Cumprir a idade de 45 anos sen adquirir a condición de reservista de especial dispoñibilidade.

3. Serán de aplicación a este persoal os requisitos, o cómputo de anos, as incompatibilidades, competencias, procedementos e réxime fiscal, establecidos no Real decreto 600/2007, do 4 de maio, polo que se regula a prima por servizos prestados polo persoal militar profesional de tropa e mariñeiría con compromiso de longa duración.

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 1145/1990, do 7 de setembro, polo que se crea o servizo de asistencia relixiosa nas forzas armadas e se ditan normas sobre o seu funcionamento.*

A alínea c) do número 1 do artigo 12 do Real decreto 1145/1990, do 7 de setembro, polo que se crea o servizo de asistencia relixiosa nas forzas armadas e se ditan normas sobre o seu funcionamento, queda redactado como segue:

«c) O complemento específico será igual ao importe fixado, para o compoñente xeral do complemento específico, nas disposicións vixentes sobre retribucións do persoal das forzas armadas, para empregos militares de igual nivel de complemento de emprego.

Con criterios similares aos utilizados para a asignación das características retributivas da relación de postos militares, poderanse fixar para os postos deste colectivo complementos específicos máis elevados, incompatibles cos anteriores. A dita asignación será aprobada pola Comisión Superior de Retribucións Militares, e necesitará o informe previo favorable do Ministerio de Economía e Facenda, cando supoña incremento de gasto.»

Disposición derradeira primeira. *Créditos.*

O Ministerio de Economía e Facenda habilitará os créditos necesarios para a plena efectividade do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Contías retributivas.*

As referencias a retribucións contidas neste real decreto e no seu anexo enténdense sempre feitas a retribucións íntegras e valores vixentes no ano 2008.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con efectos económicos do 1 de xaneiro de 2008.

Dado en Madrid o 16 de xaneiro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ